

Sorpresa creativa

Se queren ler unha historia na que o que parece non é, achéguense ás páxinas de *Se algún día esta muller morta*, a última obra de Miguel Sande, un escritor e xornalista que leva xa máis de vinte anos nisto das letras e ten publicada tanto obra narrativa coma dramática (*Ninguén chorou por nós*, Premio Rafael Dieste) e poética.

Este texto breve e intenso, de desenlace non aguardado, conta co aval de ter recibido o I Premio de Narrativa Breve Repsol YPF. Aproveitamos dende aquí para lle transmitir os parabéns á petroleira por ter creado este galardón que agardamos teña un longo e proveitoso futuro para as nosas letras. Tanto a dotación económica (6.000 euros) como a edición do texto (cunha tiraxe de 1.500 exemplares) confírenlle atractivo a unha convocatoria que nace co espírito de lle dar pulo á nosa narrativa breve. Nestes tempos en que tanto se fala da gran novela da literatura galega, non estaría de más que tamén eses degoiros se focalizasen no



xé -
n e r o
b r e v e ,
que segue a
ser considerado
por moitos o ir-

Cando o que parece non é

 PILAR PONTE

mán pobre do romance, mais que tantos e tan bos froitos ten dado para a nosa literatura en todo o século XX.

O libro pode-ríamolo encadrar dentro dese conxunto de novas obras narrativas que teñen como protagonistas únicas a mulleres con personalidades complejas, conflitivas, enfrentadas a realidades adversas. Mais esta muller sin-

gularízase
fronte a esouras fé-
minas principais por ter

cruzado a liña cara á tole-
mia, pola súa vontade de querer deixarse ir para non voltar.

A obra artéllase mediante un discurso de períodos mínimos, case que irracional, no que priman as sensacions, ou más ben a súa ausencia, sobre a progresión lóxica do pensamento. Os elementos son poucos: unha muller de cuxa biografía non sabemos nada e nada habemos saber, unha cova, un hospital, un psiquiatra, unha casa, un home que vive con ela, un home que a observa... mais o universo suxerido é tan rico coma complexo.

Os autores de afamados nomes son froito do seu propio mérito más tamén son a cabeza visible dun corpo literario sostido por moitos escritores coma Miguel Sande, homes e mulleres descoñecidos para a inmensa maioría do público, pero que se manteñen fieis á literatura enhéndoa de fermosas sorpresas creativas como este volume.

SANDE, Miguel *Se algún díá esta muller morta*; Ed. Vigo, 2007, 101 páxinas.